



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Literatura Latina	Código	613G01045	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filloxía Española e Latina			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia presenta un panorama xeral da literatura latina da Antigüidade (ss. III a.C.-Vd.C.) organizado a partir de tres enfoques: a descrición do contorno social e cultural da produción e da recepción literaria, o estudo dos códigos lingüísticos, retóricos e poéticos propios de cada xénero e a atención ás particularidades de cada etapa			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A10		
Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina	A13		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Apreciar a diversidade		B8	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C6
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse			C6

Contidos	
Temas	Subtemas



1.- O contorno social e cultural da literatura latina.	1.1. A literatura como mimesis
2.- Os códigos retóricos, poéticos e lingüísticos dos xéneros literarios.	1.2. A literatura latina como literatura derivada
3.- As características específicas de cada etapa literaria.	1.3. Usos e marcos da praxe literaria
	1.4. As formas de transmisión oral e escrita
	1.5. Autores, patróns, público, organizacións
	2.1. Modalidades dramática, narrativa e expresiva
	2.2. Códigos socioéticos aplicados ao contido e a forma
	2.3. Códigos determinados polos marcos pragmáticos do discurso literario
	2.4. Códigos relativos á extensión, concentración e variedade da composición
	2.5. Códigos métricos
	3.1. A etapa preliteraria
	3.2. A etapa arcaica (ss. III-II a.C.)
	3.3. A etapa clásica (ss. I a.C.-I d.C.)
	3.4. A etapa postclásica (s. I-II d.C.)
	3.5. A etapa tardía (s. III-V d.C.)

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	16	12	28
Proba obxectiva	2.5	0	2.5
Traballos tutelados	0	23	23
Lecturas	0	35	35
Recensión bibliográfica	0	6	6
Sesión maxistral	16	0	16
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a participación activa de cada estudante no desenvolvemento dos mesmos como a calidade do resultado. A asistencia a estas sesións será tida en conta para a avaliación
Proba obxectiva	Proba escrita individual de carácter teórico, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras como nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade de relacionar e organizar conceptos, resolver problemas e exercer un xuízo crítico.
Traballos tutelados	O estudante elaborará un traballo de curso individual coa orientación e a asistencia do profesor. Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita. A presentación deste traballo ten carácter obrigatorio para poder presentarse á proba obxectiva e superar a materia.
Lecturas	O estudante fará por contra propia as lecturas obrigatorias que se lle propoñan e dará conta destas a través de exercicios específicos de control de lectura
Recensión bibliográfica	O estudante elaborará unha breve recensión bibliográfica individual a proposta do profesor
Sesión maxistral	Sesións expositivas de carácter oral por parte do profesor sobre os diferentes contidos do temario. O profesor completará estas exposicións con guiños, resumos e indicacións bibliográficas publicados a través da plataforma Moodle





Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías